

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 2014

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e seis de novembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ e DONA ROSANA RIELO ROZAS. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE.- Acórda a toma de razón da sentenza ditada en Recurso Contencioso-Administrativo número 554/2011, interposto contra o Decreto número 609/2011, do 5 de decembro, no que se resolve estimar o recurso de reposición por el presentado contra o Decreto 280/2011, do 13 de maio, que deixa sen efecto a licenza de apertura da actividade de pub sita na rúa Mariña Española, número 16-baixo.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenza: para implantación de uso de garaxe privado para dúas prazas de garaxe aparcadoiro en grao 1º, situación B, na planta baixa do edificio sito en solo urbano, con licenzas 50/67 e 602/68, na rúa Irmáns Carro, número 28 e para legalización de rehabilitación de vivenda unifamiliar illada existente e recoñecida no Plan Xeral como tipo tradicional 1, e terminación de obras, situada no núcleo rural 14.5 Santa Eufemia, número 8, parroquia de Calde.

Acórdase a rectificación de erro no enderezo do acordo número 5/812 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión do día doce de novembro de 2014, polo que se concedía licenza para obras para rehabilitación e ampliación de edificio para albergue turístico dunha estrela, na rúa da Chanca, número 51, núcleo rural a Chanca-Frias, parroquia de Castelo-Santiago de Afora.

Acórdase tomar razón da sentenza firme número 174/14 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo, número 2, de lugo, no recurso Contencioso-Administrativo número 269/13.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

Código Seguro de verificación:UQEvs01EVt17lyAcis2w==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	01/12/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/3



3. PERSOAL.- Acórdase a autorización de servizos extraordinarios para realizar por persoal do Gabinete de Tráfico durante o mes de decembro de 2014 e a aprobación da forma de compensación.

Tamén se acorda a autorización para realizar servizos extraordinarios por unha funcionaria, adscrita a Tesourería e a aprobación da forma de compensación.

Acórdase aprobar a solicitude de abstención dun funcionario no proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de arquitecto/a, en quenda libre.

Así mesmo, acórdase denegar a substitución de funcionarios, como membros de diversos tribunais cualificadores.

Tamén se acorda desestimar a solicitude de abstención dunha funcionaria como instrutora dun expediente disciplinario.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a ampliación do prazo de execución da obra de adecuación exterior, ecoespazo e oficina na Praza de Abastos Municipal de Lugo. Actuación cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de desenvolvemento Rexional (PO FEDER Galicia 2007-2013). Proxecto 12URDIP0000. Gastos complementarios diversas actuacións.


Acórdase a ampliación do prazo de execución da obra de "Rehabilitación do antigo cárcere do partido xudicial de Lugo. Centro social e cultural antigo cárcere – fase 2." Actuación incluída no proxecto Urban (iniciativa urbana) co 70% de cofinanciamento da Unión Europea a través do Fondo Europeo de desenvolvemento rexional (po feder galicia 2007-2013) (proxecto 09UR2201 urban centro social e cultural antigo cárcere).

Tamén se acorda a prórroga do contrato da contratación do servizo ao Concello de Lugo para a prestación dos servizos complementarios e de colaboración á xestión recadatoria municipal en período executivo, para a xestión administrativa e a recadación das multas de tráfico, de colaboración na xestión en materia de inspección e colaboración na xestión en materia catastral.

Do mesmo xeito, acórdase a revisión de prezos do contrato suscrito coa empresa adjudicataria do servizo de prestación integral das actividades de animación sociocultural para o período que abrangue dende o 24 de agosto de 2014 ata o 23 de agosto de 2015.

Código Seguro de verificación:UQEvs01EVt17lyAcis2w==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	01/12/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	UQEvs01EVt17lyAcis2w==	PÁGINA 2/3


UQEvs01EVt17lyAcis2w==

Acórdase a incoación de expediente de incautación de garantía definitiva por defectos non corrixidos na contratación do deseño, adecuación dos espazos, fabricación e montaxe da instalación museográfica do Museo Interactivo da Historia de Lugo (Fondo estatal para o emprego e a sostibilidade local) 10feesl02.

Así mesmo, acórdase a comunicación dos feitos ao Consello Galego da Competencia do expediente de contratación mediante lotes do servizo de vixilancia no Fogar do transeúnte e do servizo de vixilancia no parque da Milagrosa. Desistencia do procedemento en relación co lote 1 e convocatoria dunha nova licitación.

Acórdase a prórroga e revisión de prezos do canon e das tarifas de consumición correspondentes á explotación do servizo de cafetería sita no Centro de Convivencia de Fingoi, para o período que vai dende o 12 de novembro de 2014 ata o 11 de novembro de 2015.

5. FACENDA LOCAL.- Acórdase aprobar a solicitude presentada na que insta a aplicación da bonificación do 50% na liquidación número 6927610 (1453/2014), xirada a nome da comunidade de propietarios en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e do imposto sobre construcións, instalacións e obras, por importe total de 856,43 €, pola mellora do acceso e habitabilidade das persoas discapacitadas coas obras de modificación de acceso ao ascensor e escaleiras no portal do edificio.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase aprobar a substitución dun funcionario como vogal suplente do procedemento selectivo convocado para a cobertura dunha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial, en quenda de consolidación de emprego temporal, así como solicitude á Xunta de Galicia dun funcionario da dita categoría para formar parte do referido tribunal.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:UQEvs01EVt17lyAcis2w==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	01/12/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	UQEvs01EVt17lyAcis2w==	PÁGINA	3/3



UQEvs01EVt17lyAcis2w==